



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 68 · Venres, 23 marzo 2018

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Bases reguladoras do Programa BenOurense de cooperación
coas entidades locais para axuda no fogar básico 2018 2

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Adif-Alta Velocidade

Madrid

Anuncio do ADIF-Alta Velocidade, polo que se somete a información
pública, para os efectos de expropiacións, o "Proxecto de construción
de actuacións complementarias. L.A.V. Madrid - Galicia.
Tramo: Taboadela - Ourense" 9

IV. ENTIDADES LOCAIS

Boborás

Delegación temporal das funcións da Alcaldía na primeira
tenente de alcalde 13

Delegación temporal das funcións da Alcaldía na segunda
tenente de alcalde, Ana Patricia Torres Madureira 14

Castrelo de Miño

Información pública de aprobación inicial do proxecto de obras
"Mellora de camiños municipais 2018-2019" 16

Mancomunidade I.V. Conso-Frieiras

Aprobación das bases para a contratación de 1 axente
de Igualdade, para prestar servizos no Centro
de Información á Muller (CIM) 16

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Bases reguladoras del Programa BenOurense de cooperación
con las entidades locales para ayuda en el hogar básico 2018 5

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Adif-Alta Velocidad

Madrid

Anuncio del ADIF-Alta Velocidad, por el que se somete a información
pública, a efectos de declarar la necesidad de la ocupación,
el "Proyecto de construcción de actuaciones complementarias.
L.A.V. Madrid - Galicia. Tramo: Taboadela - Ourense" 11

IV. ENTIDADES LOCALES

Boborás

Delegación temporal de las funciones de la Alcaldía
en la primera teniente de alcalde 13

Delegación temporal de las funciones de la Alcaldía en la segunda
teniente de alcalde, Ana Patricia Torres Madureira 15

Castrelo de Miño

Información pública de aprobación inicial del proyecto de obras
"Mejora de caminos municipales 2018-2019" 16

Mancomunidad I.V. Conso-Frieiras

Aprobación de las bases para la contratación de 1 agente
de Igualdad, para prestar servicios en el Centro
de Información a la Mujer (CIM) 16



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio

O Pleno da Corporación Provincial, en sesión do 23 de febreiro de 2018, aprobou inicialmente as bases reguladoras do Programa BenOurense de cooperación económica coas entidades locais da provincia para o servizo de axuda no fogar básico no exercicio 2018, que foron expostas ao público mediante anuncio inserido no BOP n.º 50, do 2 de marzo de 2018, durante o prazo de 10 días hábiles, sen que se presentasen alegacións.

Para cumprir co dito acordo, publícase a continuación o texto íntegro das ditas bases.

I).- Obxecto, fundamento competencial e dotación orzamentaria.

O Programa BenOurense SAF básico regula a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes que presten o servizo de atención no fogar básico (SAF básico). Inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

O presente programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 de novecentos mil catrocentos oitenta e nove euros (900.489 €).

II .- Beneficiarios.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, a Deputación subvencionará, a través deste programa, ás entidades locais da provincia de Ourense, de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo.

Considérase SAF básico para os efectos deste programa aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrencia. Consideraranse tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrencia ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu programa de atención individualizada (PIA), non goce de efectividade.

III. - Contía da subvención.

1. O importe da subvención por entidade local determínase da forma seguinte:

a) Tramo fixo: asígnase un primeiro tramo fixo de 3.000 € (tres mil euros), para cada unha das entidades locais que se adhiran ao programa.

b) Tramo variable: para o cálculo deste tramo aplicarase o ratio de cobertura por habitante recollido no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividi-lo crédito orzamentario dispoñible - logo de restarlle o importe total destinado ao tramo fixo-, entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte:

- b.1) Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:
 - De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.
 - Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.
- b.2) Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:
 - De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.
 - Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.
 - Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o SAF básico sexa prestado por mancomunidades, a contía será o resultado de sumar as cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como anexo I do presente Programa.

2. A contía máxima inicial prevista por entidade local - que aparece recollida no anexo deste programa-, queda condicionada a que esta contía non supere o custo neto do SAF básico para a entidade local calculado conforme as regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O 10 % da suma dos importes anteriores, en concepto de gastos xerais.

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básico e dependencia), polo número de horas de servizos prestados de SAF básico, e dividindo o resultado entre o número de horas de servizos prestados do SAF total.

Obtido o custo bruto do SAF básico, o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

b) Xestión indirecta do servizo: o custo neto do SAF básico determinarase multiplicando o número de horas de servizo prestadas pola empresa adjudicataria polo prezo unitario por hora establecido no contrato administrativo correspondente. No caso de que o contrato administrativo non estableza ese prezo unitario, este será determinado pola Deputación Provincial coa información subministrada pola entidade local interesada.

A determinación do custo neto do SAF básico realizarase unicamente a través da xeración automática da certificación a través da plataforma informática, sendo a contía reflectida na certificación o gasto efectivamente xustificado para os efectos deste programa.

IV.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es>.

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo/a alcalde/alcaldesa, presidente/a ou secretario/a da entidade local e remitirase telematicamente a través da plataforma no prazo máximo de quince días hábiles contados dende o día seguinte ao de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior, se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarán o importe asignado ao tramo variable previsto na base III.1 b) distribuíndose entre as entidades locais adheridas aplicando o criterio recollido na devandita base III .1 b).

Coa adhesión, os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa e, de forma específica, a aceptación das normas de uso da plataforma informática <http://benourense.depourense.es> no programa de SAF básico.

V.- Réxime xurídico.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

VI.- Xustificación e pagamento.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base IV, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

Antes do 1 de abril, a Deputación Provincial procederá de oficio ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe total de subvención previsto a cada concello. O

30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.

2. Xustificación e pago final.

A xustificación da subvención realizarase de modo sucesivo e con periodicidade mensual, mediante o emprego da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, do seguinte xeito:

a) Antes do día 10 de cada mes, a entidade local introducirá na plataforma as previsións relativas á prestación do servizo (usuarios, persoal adscrito, horas de prestación) correspondentes ao mes en curso.

b) Posteriormente, a medida que se vaian producindo, as entidades locais introducirán na dita plataforma as modificacións dos datos que se produzan con respecto ás previsións inicialmente comunicadas. En todo caso, antes do día 10 do mes seguinte ao da prestación dos servizos deberán introducirse a totalidade das modificacións producidas, debendo terse comunicado nese prazo a través da plataforma os datos definitivos de prestación do servizo. Concluído o prazo sinalado, non se poderán introducir novos datos no sistema, agás que se acredite causa xustificativa que impedisese a súa introdución en prazo. Nestes supostos, a entidade local interesada deberá solicitar da Presidencia autorización para a introdución extemporánea dos datos. A Presidencia resolverá de modo motivado estas solicitudes, estimándoas no caso de que se aprecie a existencia de causa xustificativa da demora, habilitando ao seu través un prazo suplementario para a introdución ou corrección dos datos de que se trate.

c) O sistema automatizará a emisión da certificación final sempre que se teñan cumprimentados os datos conforme co procedemento descrito anteriormente. Esta certificación remitirase telematicamente, asinada electronicamente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria, a través do propio sistema ata o 31 de xaneiro de 2019.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, durante a tramitación do expediente de perda do dereito ao cobro da subvención.

VII.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe do gasto xustificicado (correspondente ao custo neto do SAF básico) polas entidades locais beneficiarias sexa inferior á contía inicial máxima da subvención prevista no presente programa. Neste suposto, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

VIII.- Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2018 e 2019. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e



control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicáraselles ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

IX.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento do SAF básico que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inustificada no seu envío, poderá lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou ao reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, ou ao reintegro ou perda parcial dos ditos dereitos, en función da gravidade do incumprimento. A declaración de reintegro ou perda total ou parcial do dereito á subvención será resolta pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitiráselle telematicamente á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como cofinanciado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades adheridas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realízase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Publícase isto e advírtese que contra a aprobación definitiva destas bases se poden interpoñer os seguintes recursos:

En caso de particulares, pódese interpoñer potestativamente un recurso de reposición ante o Pleno da Deputación, no prazo dun mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo

ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, sen que se poidan simultanear ambos os dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

En caso de entidades locais, pódese interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá formularse requirimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de 2 meses e con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, -no caso de que se formule o requirimento previo-, se contará desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso sobre o dito requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado.

Non obstante o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.

Anexo I

Concello; Asignación 2018 (€)

- 1; Allariz; 19.655,05
- 2; Amoeiro; 9.303,41
- 3; Arnoia, A; 5.789,76
- 4; Avión; 8.317,81
- 5; Baltar; 5.745,21
- 6; Bande; 13.836,08
- 7; Baños de Molgas; 7.588,35
- 8; Barbadás; 17.809,13
- 9; Barco de Valdeorras, O; 39.842,40
- 10; Beade; 4.188,85
- 11; Beariz; 5.792,55
- 12; Blancos, Os; 5.366,56
- 13; Boborás; 9.801,78
- 14; Bola, A; 6.535,93
- 15; Bolo, O; 5.681,18
- 16; Calvos de Randín; 5.383,27
- 17; Carballeda de Avia; 6.844,97
- 18; Carballeda de Valdeorras; 7.632,90
- 19; Carballiño, O; 40.138,64
- 20; Cartelle; 10.676,02
- 21; Castrelo de Miño; 7.148,45
- 22; Castrelo do Val; 5.970,73
- 23; Castro Caldelas; 11.529,84
- 24; Celanova; 18.335,34
- 25; Cenlle; 6.329,90
- 26; Chandrexa de Queixa; 6.287,20
- 27; Coles; 11.703,39
- 28; Cortegada; 6.204,61
- 29; Cualedro; 7.989,27
- 30; Entrimo; 10.854,21
- 31; Esgos; 6.324,33
- 32; Gomesende; 5.221,79
- 33; Gudiña, A; 11.737,73
- 34; Irixe, O; 7.304,36
- 35; Larouco; 4.355,90
- 36; Laza; 6.833,83
- 37; Leiro; 7.571,65
- 38; Lobeira; 8.255,63
- 39; Lobios; 15.135,37
- 40; Maceda; 11.179,96

41; Manzaneda; 9.152,14
42; Maside; 10.845,86
43; Melón; 6.563,77
44; Merca, A; 8.501,57
45; Mezquita, A; 9.951,20
46; Montederramo; 8.138,69
47; Monterrei; 10.553,52
48; Muíños; 13.212,42
49; Nogueira de Ramuín; 8.777,20
50; Oímbra; 8.273,26
51; Ourense; 0
52; Paderne de Allariz; 7.006,45
53; Padrenda; 8.270,48
54; Parada de Sil; 6.845,90
55; Pereiro de Aguiar, O; 20.415,13
56; Peroxa, A; 8.423,61
57; Petín; 5.664,47
58; Piñor; 6.374,44
59; Pobra de Trives, A; 17.233,73
60; Pontedeva; 4.637,11
61; Porqueira; 5.391,62
62; Punxín; 5.029,68
63; Quintela de Leirado; 4.715,06
64; Rairiz de Veiga; 6.881,17
65; Ramirás; 7.373,97
66; Ribadavia; 17.110,29
67; Riós; 7.582,78
68; Rúa, A; 15.612,40
69; Rubiá; 7.031,51
70; San Amaro; 6.176,76
71; San Cibrao das Viñas; 10.117,79
72; San Cristovo de Cea; 9.412,00
73; San Xoán de Río; 6.787,43
74; Sandiás; 6.580,47
75; Sarreaus; 6.505,30
76; Taboadela; 7.106,69
77; Teixeira, A; 5.390,69
78; Toén; 6.334,07
79; Trasmiras; 6.800,42
80; Veiga, A; 5.569,81
81; Vereá; 5.736,86
82; Verín; 40.368,61
83; Viana do Bolo; 22.372,42
84; Vilamarín; 8.557,25
85; Vilamartín de Valdeorras; 8.005,98
86; Vilar de Barrio; 6.881,17
87; Vilar de Santos; 5.388,84
88; Vilardevós; 8.668,62
89; Vilariño de Conso; 6.806,92
90; Xinzo de Limia; 30.853,07
91; Xunqueira de Ambía; 7.067,71
92; Xunqueira de Espadanedo; 5.227,35
Total: 900.489,00
Ourense, 19 de marzo de 2018. O presidente.
Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

Diputación Provincial de Ourense

Anuncio

El Pleno de la Corporación Provincial, en sesión de 23 de febrero de 2018, aprobó inicialmente las bases reguladoras del Programa BenOurense de cooperación económica con las enti-

dades locales de la provincia para el servicio de ayuda en el hogar básico en el ejercicio 2018, que fueron expuestas al público mediante anuncio insertado en el BOP n.º 50, de 2 de marzo de 2018, durante el plazo de 10 días hábiles, sin que se presentaran alegaciones.

Para cumplir con dicho acuerdo, se publica a continuación el texto íntegro de dichas bases.

I).- Objeto, fundamento competencial y dotación presupuestaria.

El Programa BenOurense SAF básico regula la concesión de subvenciones en régimen de concurrencia no competitiva destinadas a las entidades locales de la provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes que presten el servicio de atención en el hogar básico (SAF básico). Se incluyen también las mancomunidades intermunicipales que gestionen servicios sociales de un conjunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, al tratarse de meras entidades instrumentales de los ayuntamientos que ejercen competencias delegadas por aquellos.

El presente programa se establece en el ejercicio de las competencias atribuidas a la Diputación por los artículos 36.1.b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local, 109.1.b) de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia, 63 de la Ley 13/2008, de 3 de diciembre, de Servicios Sociales de Galicia y 31 del Decreto 99/2012, de 16 de marzo, por el que se regulan los servicios sociales comunitarios y su financiación.

Para la concesión de estas ayudas se reserva un crédito, dentro de la partida presupuestaria 23111 46200 de novecientos mil cuatrocientos ochenta y nueve euros (900.489 €).

II.- Beneficiarios.

Teniendo en cuenta lo dispuesto en el artículo 31.3 del Decreto 99/2012, de 16 de marzo, la Diputación subvencionará, a través de este programa, a las entidades locales de la provincia de Ourense, de menos de 20.000 habitantes, que presten el SAF básico, tanto en los supuestos de gestión directa como de gestión indirecta del servicio.

Se considera SAF básico a los efectos de este programa aquel cuyas personas usuarias accedan al servicio en régimen de libre concurrencia. Se considerarán también como personas usuarias en régimen de libre concurrencia a las personas que tengan reconocido el estatuto de personas dependientes en el marco la Ley 39/2006, de 14 de diciembre, de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia, en tanto su programa de atención individualizada (PIA), no goce de efectividad.

III. - Cuantía de la subvención.

1. El importe de la subvención por entidad local se determina de la forma siguiente:

a) Tramo fijo: se asigna un primer tramo fijo de 3.000 € (tres mil euros), para cada una de las entidades locales que se adhieran al programa.

b) Tramo variable: para el cálculo de este tramo se aplicará el ratio de cobertura por habitante recogido en el anexo III del Decreto 99/2012, de 16 de marzo, asignándose un importe por unidad de convivencia resultante de dividir el crédito presupuestario disponible - después de restarle el importe total destinado al tramo fijo-, entre el número de unidades existentes, conforme con lo siguiente:

b.1) Ayuntamientos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

- De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidad de convivencia atendida por cada 400 habitantes.



- Menos de 10.000 habitantes: 1 unidad de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

b.2) Ayuntamientos de áreas caracterizadas como áreas rurales:

- De 12.000 a 20.000: 1 unidad de convivencia atendida por cada 250 habitantes.

- Menos de 12.000: 1 unidad de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

- Ayuntamientos de áreas rurales de alta dispersión: 1 unidad de convivencia por cada 75 habitantes.

En los supuestos en que el SAF básico sea prestado por mancomunidades, la cuantía será el resultado de sumar las cantidades correspondientes de los distintos ayuntamientos que la integran.

El cuadro de distribución inicial de las subvenciones por entidades beneficiarias, con los importes correspondientes conforme con las reglas precedentes, figura cómo anexo I del presente Programa.

2. La cuantía máxima inicial prevista por entidad local - que aparece recogida en el anexo de este programa-, queda condicionada a que esta cuantía no supere el coste neto del SAF básico para la entidad local calculado conforme las reglas siguientes:

a) Gestión directa del servicio:

El coste total del SAF estará determinado por la suma de los siguientes costes:

- El coste total del personal auxiliar de ayuda en el hogar (básico y dependencia).

- El coste de los desplazamientos del personal de ayuda en el hogar (básico y dependencia).

- El 10 % de la suma de los importes anteriores, en concepto de gastos generales.

A partir del coste del SAF total se determinará el coste bruto del SAF básico multiplicando el coste del SAF total (básico y dependencia), por el número de horas de servicios prestados de SAF básico, y dividiendo el resultado entre el número de horas de servicios prestados del SAF total.

Obtenido el coste bruto del SAF básico, su coste neto será la diferencia entre el coste bruto y los ingresos liquidados por la entidad local (o entidad que gestione el servicio por cuenta de la entidad local) en concepto de tasas o precios públicos por su prestación.

b) Gestión indirecta del servicio: el coste neto del SAF básico se determinará multiplicando el número de horas de servicio prestadas por la empresa adjudicataria por el precio unitario por hora establecido en el contrato administrativo correspondiente. En caso de que el contrato administrativo no establezca ese precio unitario, este será determinado por la Diputación Provincial con la información suministrada por la entidad local interesada.

La determinación del coste neto del SAF básico se realizará únicamente a través de la generación automática de la certificación a través de la plataforma informática, siendo la cuantía reflejada en la certificación el gasto efectivamente justificado a los efectos de este programa.

IV.- Procedimiento de adhesión de los ayuntamientos y mancomunidades.

Al amparo de lo establecido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en el artículo 14.2, la presentación de solicitudes se tramitará exclusivamente mediante el uso de medios electrónicos, siendo obligatoria la presentación de solicitudes conforme con lo previsto en esta base.

Los ayuntamientos y mancomunidades interesados en participar en el Programa deberán comunicar su adhesión a la Diputación Provincial, mediante resolución de la Alcaldía (o órgano delegado, en su caso), en la que se manifieste expresamente la asunción de las obligaciones y compromisos previstos en el Programa, para lo cual deberán utilizar obligatoriamente los modelos facilitados por la Diputación y que deberán ser descargados en la aplicación informática

<http://benourense.depourense.es>

La comunicación de la adhesión se firmará digitalmente por el/a alcalde/alcaldesa, presidente/a o secretario/a de la entidad local y se remitirá telemáticamente a través de la plataforma en el plazo máximo de quince días hábiles contados desde el día siguiente al de publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia. No se admitirá ninguna solitud de adhesión formulada en fecha posterior.

La Diputación Provincial podrá conceder un plazo de hasta 10 días hábiles para la corrección de deficiencias en las solicitudes de adhesión.

La presentación de la solicitud telemática en tiempo y forma determinará la adhesión de la entidad local al Programa, sin necesidad de más trámites. Sin perjuicio de lo anterior, y a los efectos de publicidad, las subvenciones concedidas y sus importes se declararán expresamente mediante resolución de la Presidencia que será objeto de publicación en el BOP. En esta misma resolución de la Presidencia se denegará la adhesión a aquellas entidades cuya solicitud no se ajuste a lo establecido en el presente Programa o en el modelo de adhesión.

La adhesión de las entidades locales beneficiarias constituye un requisito de efectividad del Programa, por lo que las entidades locales que no se adhieran en el plazo señalado en el párrafo anterior, se entenderá que renuncian a participar en el Programa, causando baja automática en sus previsiones. En este supuesto, los remanentes de cofinanciación no utilizados incrementarán el importe asignado al tramo variable previsto en la base III.1 b) distribuyéndose entre las entidades locales adheridas aplicando el criterio recogido en dicha base III.1 b).

Con la adhesión, los ayuntamientos y mancomunidades manifestarán expresamente la asunción de las obligaciones previstas en este programa y, de forma específica, la aceptación de las normas de uso de la plataforma informática <http://benourense.depourense.es> en el programa de SAF básico.

V.- Régimen jurídico.

De conformidad con lo establecido en la disposición adicional 8ª de la Ley General de Subvenciones y en el artículo 10 de la Ordenanza General de Subvenciones de la Diputación de Ourense, las subvenciones previstas en el presente Programa se regirán por lo establecido en las presentes bases, siendo las normas de la Ley General de Subvenciones y de dicha Ordenanza de aplicación supletoria.

No obstante lo anterior, serán de aplicación las normas generales de las subvenciones de la Diputación en todo lo relativo a la justificación, reintegro, pérdida del derecho a la subvención y control financiero, en lo que no contradiga expresamente lo establecido en las presentes bases.

VI.- Justificación y pago.

Las subvenciones previstas en el presente Programa se entenderán automáticamente concedidas a las entidades locales adheridas regularmente conforme con la base IV, procediéndose a su justificación y pago en los siguientes términos:

1. Pago anticipado a cuenta de la justificación final:

Antes del 1 de abril, la Diputación Provincial procederá de oficio al libramiento, en concepto de anticipo a justificar, del

70 % del importe total de subvención previsto a cada ayuntamiento. El 30% restante se abonará una vez remitida la justificación final conforme lo previsto en estas bases.

2. Justificación y pago final.

La justificación de la subvención se realizará de modo sucesivo y con periodicidad mensual, mediante el empleo de la plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, de la siguiente forma:

a) Antes del día 10 de cada mes, la entidad local introducirá en la plataforma las previsiones relativas a la prestación del servicio (usuarios, personal adscrito, horas de prestación) correspondientes al mes en curso.

b) Posteriormente, a medida que se vayan produciendo, las entidades locales introducirán en dicha plataforma las modificaciones de los datos que se produzcan con respeto a las previsiones inicialmente comunicadas. En todo caso, antes del día 10 del mes siguiente al de la prestación de los servicios deberán introducirse la totalidad de las modificaciones producidas, debiendo tenerse comunicado en ese plazo a través de la plataforma los datos definitivos de prestación del servicio. Concluido el plazo señalado, no se podrán introducir nuevos datos en el sistema, excepto que se acredite causa justificativa que impidiera su introducción en plazo. En estos supuestos, la entidad local interesada deberá solicitar de la Presidencia autorización para la introducción extemporánea de los datos. La Presidencia resolverá de modo motivado estas solicitudes, estimándolas en caso de que se aprecie la existencia de causa justificativa de la demora, habilitando a su través un plazo suplementario para la introducción o corrección de los datos de que se trate.

c) El sistema automatizará la emisión de la certificación final siempre que se tengan cumplimentados los datos conforme con el procedimiento descrito anteriormente. Esta certificación se remitirá telemáticamente, firmada electrónicamente por el funcionario responsable de los servicios de intervención de la entidad beneficiaria, a través del propio sistema hasta el 31 de enero de 2019.

Aquellas entidades que no presenten la justificación una vez finalizado el plazo final previsto en estas bases, tendrán una penalización equivalente al 30% de la subvención en caso de que finalmente justifiquen la subvención, al amparo de lo previsto en el artículo 70.3 del Reglamento de la Ley General de Subvenciones, durante la tramitación del expediente de pérdida del derecho al cobro de la subvención.

VII.- Deberes de reintegro y pérdida del derecho a cobro.

La Diputación Provincial podrá declarar la obligación de reintegro o la pérdida del derecho al cobro de la subvención, según proceda, por cualquiera de las causas previstas en la legislación general de subvenciones y en las bases del presente programa.

No obstante lo anterior, no será necesaria la tramitación del expediente de reintegro o de pérdida del derecho a cobro en los supuestos en que el importe del gasto justificado (correspondiente al coste neto del SAF básico) por las entidades locales beneficiarias sea inferior a la cuantía inicial máxima de la subvención prevista en el presente programa. En este supuesto, la cantidad que deberá abonarse se reajustará automáticamente según proceda, compensándose del mismo modo con el anticipo librado, en su caso.

VIII.- Control financiero de las subvenciones.

Sin perjuicio de las obligaciones de justificación impuestas a los beneficiarios, las actuaciones de prestación de servicios sociales comunitarios de las entidades locales adheridas que constituyen el objeto de las subvenciones previstas en el pre-

sente Programa quedarán sujetas a las actuaciones de control financiero que pueda acordar la Intervención de la Diputación, a lo largo de los ejercicios 2018 y 2019. El control financiero incluirá actuación de supervisión y control de las actividades subvencionadas, tanto en lo relativo a la prestación de los servicios como a su gestión y tramitación administrativa. Los controles serán realizados por personal del Área de Bienestar, bajo la dirección de la Intervención provincial, conforme con lo establecido en la Ley General de Subvenciones y, en función de sus resultados, podrá dar lugar a la apertura de expediente de reintegro en el supuesto en que a su través se detectara la concurrencia de alguna de las causas legales de reintegro previstas en la legislación vigente.

El sometimiento a control financiero de las entidades adheridas al programa podrá tener carácter general para todas ellas o bien limitarse a una muestra aleatoria de cuando menos diez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuya celebración se anunciará con la debida antelación en la sede electrónica de la Diputación Provincial. El resultado del sorteo y el inicio de las actuaciones de control financiero se comunicarán a las entidades afectadas con una antelación mínima de quince días naturales respecto de la fecha del inicio de las actuaciones inspectoras. En todo, la Intervención provincial dará cuenta a la Presidencia tanto de la decisión de someter a control financiero el programa como del contenido de las actuaciones realizadas.

IX.- Obligaciones de información y publicidad de las entidades locales adheridas:

Con independencia de la obligación de sometimiento al control financiero previsto en la base general anterior, las entidades locales adheridas al presente programa estarán obligadas a:

1.- Facilitar a los servicios de la Diputación Provincial toda la información relativa al funcionamiento del SAF básico que se les demande. La negativa a facilitar esta información, o la demora injustificada en su envío, podrá lugar a la exclusión de la entidad local del presente Programa, con la consiguiente pérdida del derecho al cobro o al reintegro, según proceda, de las subvenciones percibidas o concedidas a su amparo, o al reintegro o pérdida parcial de dichos derechos, en función de la gravedad del incumplimiento. La declaración de reintegro o pérdida total o parcial del derecho a la subvención será resuelta por la Presidencia de la Diputación, previa tramitación del oportuno expediente contradictorio con audiencia de la entidad interesada.

2.- A identificar el servicio cofinanciado por la Diputación de Ourense, desde el momento en que se publique la resolución de concesión de la subvención en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense. Transcurridos quince días desde esta publicación se remitirán telemáticamente a la Diputación de Ourense fotografías en las que conste la identificación del servicio como cofinanciado por la Diputación y que responderá a las normas de información y publicidad que se harán llegar por la Diputación de Ourense para que sean observadas por las entidades adheridas. El incumplimiento de las obligaciones de publicidad dará lugar al reintegro o pérdida del derecho al cobro de la subvención, con carácter parcial, y hasta un importe del 20 % de la subvención concedida, determinándose de conformidad con el principio de proporcionalidad y en atención a la gravedad del incumplimiento comprobado. La declaración del deber de reintegro o de la pérdida del derecho al cobro de la subvención se realizará por resolución de la Presidencia de la Diputación, previa tramitación del oportuno expediente contradictorio con audiencia de la entidad interesada.



Se publica esto y se advierte que contra la aprobación definitiva de estas bases se pueden interponer los siguientes recursos:

